

PALABRA DE VIDA

Agosto 2026

«Engrandece a miña alma ao Señor» (Lc 1, 46).

No primeiro capítulo do seu Evanxeo, Lucas ofrécenos a única páxina do Novo Testamento en que as protagonistas son dúas mulleres, María e Isabel.

Isabel vivía nunha cidade preto de Xerusalén, a uns 150 km de distancia de Nazaret. María emprende este longo viaxe nada máis recibir o anuncio do anxo de que ía ser a nai de Xesús (Lc 1, 26–38). Non coñecemos os detalles da travesía, só sabemos que se dirixiu con prontitude á rexión montañosa. Pero por que se dirixe alá?

María vai para comunicar esta alegría a quen, como ela, recibira de Deus a graza de esperar un fillo, e para estar ao seu lado e axudala durante os últimos meses de embarazo. É a historia de dúas mulleres, de dúas maternidades imposibles. Quen mellor que ela podía entendela e compartir esta experiencia? Deste encontro brota o canto do Magníficat..

«Engrandece a miña alma ao Señor».

«Estas palabras brotan dun ardor inflamado e dun gozo desbordante [...]. Por iso non di “eu enxalzo a Deus”, senón “a miña alma”..., coma se quixese expresar: “a miña vida, todos os meus sentidos, cénense no amor, encomio e gozo divinos [...]”»¹, escribe Martín Lutero no seu comentario ao Magníficat.

O verbo engrandecer, facer grande, revela a alegría que suscita descubrir que Deus é máis grande do que nos esperabamos. Esta alegría provoca unha profunda humildade e un fondo sentido de gratitude e recoñecemento.

Como subliña Ermes Ronchi, «o Magníficat é o evanxeo de María, a súa boa noticia, que alcanza a todas as xeracións». Por dez veces, a moza de Nazaret repite o que fixo Deus², como unha especie de novo decálogo, de dez novos mandamentos que trastornan a lóxica do mundo.

Resulta espontáneo preguntarse se conservamos o sentido de estupor e de asombro na nosa vida diaria e de oración ante todo o que Deus obrou e segue obrando. Sen abrírnos á novidade e ás súas sorpresas, sen asombro, a fe convértese nunha letanía cansa que lentamente se apaga e convértese nun costume social³.

«Engrandece a miña alma ao Señor».

O canto de María non é simplemente unha oración de loanza intimista, senón unha loanza profética, caracterizada por percorrer constantemente ás pasaxes da Escritura⁴, o que indica

¹ Martín Lutero, *Comentario al Magníficat*: <https://1library.co/document/zlvi282y-comentario-al-magnificat-por-martin-lutero.html>.

² Cf. E. Ronchi, «Magníficat, una finestra aperta sul futuro», *Avvenire* 12 de agosto de 2021.

³ Francisco, *Angelus*, Plaza de San Pedro (Roma), 4 de julio de 2021.

⁴ Cf. G. Rossé, *Il Vangelo di Luca*, Città Nuova, 1992, p. 69.

a dirección da historia segundo o corazón de Deus. Loalo significa aliñarse cos pequenos, crer que o mundo pode e debe cambiar.

As palabras deste himno invítannos a comprender a intervención salvífica de Deus na nosa historia privada e comunitaria, tanto a nosa propia vivencia privada como a universal, tanto o momento presente como os ceos novos e a terra nova que a revolución social do Evanxeo inaugura.

«Engrandece a miña alma ao Señor».

Estas palabras invítannos tamén a nós a facer da nosa vida una loubanza vivinte, a recoñecer cada día as marabillas, a unir a nosa voz á de María para proclamar que Deus é fiel, que a súa misericordia esténdese de xeración en xeración e que o seu reino de xustiza e amor xa se está realizando entre nós.

Chiara Lubich captara esta dimensión revolucionaria do canto de María cando escribiu aos mozos: «Le o Magníficat e atoparás a primeira e máis potente páxina da doutrina social cristiá. Quen e cando a realizará completamente?»⁵.

A pregunta segue estando aberta e interpélanos. A intervención de Deus non debería quedarse reducida á intimidade do corazón; fai falta que se manifeste nas relacións, na vida común, na trama das xeracións futuras.

Patrizia Mazzola e o equipo da Palabra de Vida

⁵ C. Lubich, *Signo de contradicción*, Ciudad Nueva, Madrid 1971, n. 203, p. 64.